



Punto da orde do día: 13

Tarifas eléctricas 2021-2022

ÍNDICE

1. Feitos destacados no mercado eléctrico durante o último ano	2
1.1 Incremento do custo da electricidade	2
1.2 Medidas do Goberno	2
1.3 Actualizacións de tarifas	4
1.4 Impacto na factura	4
1.5 Por que nos afecta a subida de prezos no mercado diario?	5
1.6 Como afecta á cooperativa esta subida de prezos?	6
2. Cambios no importe de financiamento do bono social	6
2.1 Información complementaria	7
3. Prezo de compensación de excedentes de autoprodución	7
3.1 Información complementaria	8
4. Estado da tarifa indexada	8
5. Actualización prezo Generation kWh e Tarifas Generation kWh.	8
5.1 Como se calculou o prezo Generation kWh ata o de agora	8
5.2 Por que decidimos, xa que logo, actualizar o prezo Generation kWh agora?	9


1. Feitos destacados no mercado eléctrico durante o último ano

1.1 Incremento do custo da electricidade

O feito máis destacable no mercado eléctrico durante o último ano é o rápido incremento, dende finais do 2020, do custo da electricidade no mercado maiorista.

Este incremento atribuíuse a varias causas, pero principalmente ao aumento dos custos asociados de plantas de xeración con combustible fósil (aumento do custo dos dereitos de emisións de CO₂ e do gas)

No seguinte gráfico vemos a evolución do prezo medio no mercado diario dende 2019 ata a actualidade. Observamos que a partir do inicio de 2021 sube o prezo ata o pico de 545 €/MWh o día 9 de marzo de 2022. Ademais desta subida, pódese ver tamén o incremento da volatilidade do prezo.



1.2 Medidas do Goberno

Perante esta subida de prezos, o Goberno decretou rebaixas fiscais e unha rebaixa temporal dos cargos, o que axudou a mitigar levemente a subida ata xaneiro de 2022, cando deixou de aplicarse a rebaixa dos cargos.

A xeito de resumo das medidas que teñen un impacte máis directo na factura:

- En xuño de 2021 rebaixouse o IVE do 21 % ao 10 % para os contratos con potencia contratada inferior a 15 kW. Esta rebaixa foise renovando e de momento continúa vixente ata o 30 de xuño de 2022.
- En setembro de 2021 rebaixouse o imposto eléctrico do 5,11269 % ao 0,5 %, medida que continúa vixente ata o 30 de xuño de 2022
- Entre o 16 de setembro e o 31 de decembro de 2021 aplicouse unha rebaixa sobre o cargos, que xa non está vixente.

Nestas noticias do blog, atopamos unha descrición detallada:


- Rebaixa do IVE, a quen se aplique ([ES](#))
- Medida do goberno en setembro 2021, imposto eléctrico e cargos ([ES](#))

Recordemos: os cargos establécenos o goberno, formamos parte do prezo final da potencia contratada e do prezo final do termo de enerxía. Introducíronse co cambio de estrutura tarifaria do 1/6/2021 [ligazóns ás noticias do blog ([ES](#))] para separar os ingresos que serven para financiar as actividades de transporte e distribución (peaxes TD) que fixa a CNMC, dos ingresos que serven para financiar políticas enerxéticas e desaxustes [principalmente déficit de tarifa e primas nas renovables (coñecidas como retribución específica)].

1.3 Actualizacións de tarifas

En paralelo ao incremento dos prezos e para poder facer fronte a esta situación, as tarifas da cooperativa fóronse revisando á alza en períodos de tempos moito máis curtos do habitual:

- Abril 2021
- Xuño 2021
- Setembro 2021
- Novembro 2021
- Xaneiro 2022
- Febreiro 2022
- 31 de marzo de 2022 (baixada debido á actualización de cargos)



Gráfica evolución mercado diario e prezo enerxía a tarifa


Na gráfica superior atopamos a comparativa entre o prezo medio no mercado diario e o custo da enerxía para Som Enerxía. Obsérvase como, debido ás coberturas de prezo feitas antes da escalada, obtívose un custo por baixo da media do mercado durante parte do 2021 e, a medida que estas foro rematando, o custo foise achegando á media.

1.4 Impacto na factura

A factura mensual dunha persoa usuaria tipo (4,7 kW de potencia contratados e 2500 kWh ao ano) case chegou a duplicarse en menos dun ano.

Observámolo na seguinte gráfica na que, en verde, temos o custo que tería pagado sen as rebaixas fiscais e de cargos, que son temporais, e en marrón o prezo coas rebaixas do goberno aplicadas.

Evolución do custo mensual perfil tipo



Gráfica evolución do custo mensual por persoa usuaria tipo

1.5 Por que nos afecta a subida de prezos no mercado diario?

Coas nosas propias plantas provémonos cun prezo estable, pero cubrimos arredor dun 5 % de toda a necesidade de enerxía dos contratos da cooperativa. **O resto mercámola no mercado maiorista** e estamos, polo tanto, expostos ás súas variacións de prezo, aínda que estas quedan mitigadas polas coberturas de prezo.

O mercado diario da electricidade é un mercado marxinalista, é dicir: fíxase o mesmo prezo para todo o mundo que participa nel, independentemente da tecnoloxía e orixe. A oferta e a demanda ordénanse de máis barata a máis cara, as centrais coas ofertas de venda máis caras que entran na casación son as que marcan o prezo para todo o mundo.

Paralelamente, conseguimos certificados de garantía de orixe renovable que nos garante que se produciu con enerxía verde un volume de enerxía equivalente ao consumido polo conxunto da cooperativa. Neste artigo explicámolo con máis detalle: [Orixe da electricidade en Som Energia](#).

1.6 Como afecta á cooperativa esta subida de prezos?

Cómpre destinar **moitos máis recursos financeiros** que hai un ano para poder seguir operando con normalidade.

Por unha banda incrementouse moito a cantidade de cartos que a cooperativa adianta no mercado antes de poder cobrala das persoas usuarias da cooperativa. Por exemplo, os cartos que temos que adiantar no mercado diario multiplicáronse por 6. Se en marzo de 2021, o importe por enerxía mercada no mercado diario foi de 2 M€, este pasado marzo pasou a ser de 12,4 M€.

Por outra banda, tamén se incrementaron moito as garantías de pago que cómpre presentar para poder operar.

Estas garantías son principalmente as que temos que depositar no mercado diario (OMIE), as que temos que depositar para as compras nos mercados a termo, e as que temos que depositar perante o operador do sistema.

Ademais, a rebaixa fiscal do IVE que aprobou o goberno de xeito provisional, aplícase ás persoas usuarias finais, pero non ás compras da cooperativa, de xeito que adiantamos tamén unha parte do IVE que ao cabo dun tempo acaba retornando Facenda.

Todo isto fíxonos **tomar certas medidas** para conter o volume de enerxía a comercializar que se anunciaron nesta noticia: ([ES](#))

2. Cambios no importe de financiamento do bono social

Na pasada Asemblea informouse de que o importe destinado a cubrir o bono social pasaba a incluírse no termo de enerxía. Dando visibilidade nunha frase na factura ao cargo por achega da cooperativa ao bono social.

A raíz da anulación, a primeiros de ano, do mecanismo de financiamento do bono social por parte do tribunal supremo, o Goberno adaptará este mecanismo de xeito que se sosteña polas achegas de empresas que fan as actividades de comercialización, produción, transporte e distribución no sector eléctrico. Ata o de agora, as comercializadoras eran as únicas que o financiaban.

De xeito transitorio, e ata que se aprobe unha nova orde de financiamento do bono social, as cantidades que terá que pagar a cooperativa neste concepto será duns 11,15 € por contrato para o ano 2022. Isto supón un **incremento notable respecto ao que achega a cooperativa habitualmente neste concepto** (antes estaba entre 6,6 € e 4,4 €/contrato e ano).

2.1 Información complementaria

O bono social é unha axuda creada polo Goberno, en forma de **desconto** da factura eléctrica, dirixido a determinados colectivos considerados vulnerables. Som Energia, como comercializadora do mercado libre, non pode ofrecer esta axuda, aínda que a financiamos.

Explicación detallada bono social ([GL](#))

3. Prezo de compensación de excedentes de autoprodución

A medida que aumenta a produción renovable nas horas centrais do día, o prezo destas horas vai mingando respecto ao do resto do día.

Se acostumamos a ter excedentes só nas horas centrais do día, pódese dar o caso de que o noso prezo medio en € por kWh producido sexa inferior á media diaria.

Este fenómeno, coñecido como curva de pato, xa se está a observar, e prevese que vaia a máis a medida que aumente a produción fotovoltaica. As horas centrais do día durante os meses de forte produción solar serán tipicamente máis baratas que a media diaria.

Chámase curva de pato porque polo serán créase unha rápida variación do prezo á alza a medida que a fotovoltaica deixa de producir e entran centrais máis caras a cubrir a demanda, creando unha curva de prezo semellante á silueta dun pato.



Exemplo de variación de prezos nun día, efecto curva de pato

Estase a estudar a **posibilidade de introducir este factor no prezo da compensación de excedentes**, de xeito que o este se fixe en base ao custo que ten para a cooperativa mercar esta enerxía no mercado eléctrico, pero tendo en conta que este custo é inferior ás horas de máxima produción de excedentes.

Este axuste que relaciona a variación típica do prezo horario durante o día no mercado diario (máis caro polo serán e de madrugada, máis baratos pola mañá), coa variación típica do

noso consumo ou produción ao longo do día, coñécese no sector eléctrico como o apuntamento.

3.1 Información complementaria

Para ampliar información sobre a autoprodución, ligamos os artigos do centro de axuda:

- Artigos de autoprodución ([ES](#))

4. Estado da tarifa indexada

Traballouse nos procesos e validacións automáticas de facturación para poder ofrecer a tarifa indexada a todas as persoas que o desexen.

Con todo, a prioridade centrouse en solucionar os problemas que xurdiron na facturación dos contratos, sobre todo a partir do cambio de peaxes en xuño do 2021, e en preparar o sistema para as medidas que estamos a tomar por mor da inestabilidade de prezos.

5. Actualización prezo Generation kWh e Tarifas Generation kWh.

5.1 Como se calculou o prezo Generation kWh ata o de agora

O prezo Generation kWh (non confundir coa Tarifa Generation kWh) mantívose estable no valor de **36 €/MWh (0,036 €/kWh)** ata o de agora. Este valor é o custo estimado de xerar a enerxía coas plantas que forman parte do mix Generation kWh, tendo en conta os seguintes conceptos:

- Investimento
- Produción anual
- Valor residual nos 25 anos, considerando 30 anos de vida útil.
- Período de amortización a 25 anos
- Custo de amortización
- Custos de explotación incluíndo IVPEE (7%)

Como saberedes, este valor é o que substitúe o prezo de mercado na configuración das diversas tarifas eléctricas, que evidentemente, estas si, fóronse actualizando segundo as diversas regulacións e cambios que foi establecendo o Goberno.

Este prezo Generation kWh foise recalculando cada ano segundo as **hipóteses orixinais tomadas** e ata o de agora non se viu a necesidade de actualizalo.

Algunhas destas hipóteses orixinais tomadas no exercicio 2015-2016, cando se lanzou o proxecto, estaban condicionadas polas circunstancias do momento cando os prezos de mercado eran relativamente baixos e cumpría dar certos impulsos e motivación para participar do proxecto. Polo tanto, ao tempo de calcular o prezo, decidiuse o seguinte:

- Ter en conta o valor residual das plantas aos 25 anos.
- Non incluír os impostos sobre o beneficio das sociedades no cálculo do prezo.

Ano tras ano, e con estas hipóteses, foise recalculando o prezo Generation kWh e a variación en relación aos 36 €/MWh foi inapreciable e por iso non se decidiu modificar este valor ata o de agora.

5.2 Por que decidimos, xa que logo, actualizar o prezo Generation kWh agora?

Como dixemos, segundo as hipóteses orixinais tomadas, non houbo a necesidade de actualización do prezo pero cos anos foise creando un «déficit de tarifa» xa que as plantas do Generation kWh non obtiveron ingresos abondos para retornalos a Som Energia e facer fronte á diferenza entre o prezo de mercado que a comercializadora ten que asumir ao mercar a enerxía no mercado e o prezo Generation kWh.

Como sabedes, Som Energia estableceu PPAs (contratas de compravenda a un prezo fixado a longo prazo) coas plantas propias. Dende que acontece isto, podemos dicir dalgún xeito que o aprovisionamento de enerxía equivalente ao que xeran as nosas plantas faise a un prezo fixado. Polo tanto, dende que isto é así, o déficit de tarifa que temos no Generation é a diferenza entre este valor de PPA e o prezo GkWh.

Este ano tamén variaron algúns custos de explotación e houbo algúns cambios en relación aos estimados.

Precisamente por estes motivos quérese equiparar o prezo GkWh ao valor do PPA equivalente do mix de plantas que forman parte do Generation kWh e adaptar as Tarifas Generation kWh segundo este novo valor. Este ano, isto representará axustar este prezo á alza arredor dos 50-55 €/MWh, o cal en realidade afectará moi pouco a tarifa final, xa que falamos de incrementos da orde do céntimo de euro nos distintos termos variables de enerxía correspondentes.